



Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Traballo de
fin de grao

As diferentes configuracións da propiedade e a súa relevancia nas sociedades dende unha perspectiva histórica. A importancia das herdanzas.

Pablo Pillado Rico

Xuño 2022

Resumo

A composición da propiedade privada en diferentes rexións do planeta ofrécenos información sobre como as políticas levadas a cabo polo Estado e os sistemas económicos imperantes subordinan as relacións da poboación coa propia propiedade privada. Por esta mesma razón para a análise, que comprende o século XX e primeiros anos do XXI, empregamos, dunha banda, a China e a Rusia, como países ex-comunistas, e doutra banda a España e Francia, como países cunha historia económica similar entre elas, pero oposta aos anteriores.

Unha vez analizada a composición da propiedade privada nos catro países de referencia, pasamos a estudar o impacto das herdanzas na acumulación de capital co paso das xeracións dentro dun marco global, e o seu impacto sobre a desigualdade económica. Por último, trataremos a reaparición na última década do capitalismo rentista ou patrimonial imperante no mundo ata principios do século XX.

O traballo conta con 9.993 palabras.

Índice

Resumo	2
Índice	3
Índice de táboas, gráficos ou figuras	4
Introdución	6
Planificación	7
Desenvolvemento do traballo	9
1 Esquemas da propiedade ao longo do século XX	9
1.1 A estrutura da propiedade en países capitalistas	10
1.1.1 Francia.....	10
1.1.2 España.....	15
1.2 A estrutura da propiedade en países ex-comunistas	21
1.2.1 Rusia.....	21
1.2.2 China	23
2 As herdanzas	26
2.1 A relevancia do capital herdado	26
2.2 O capitalismo patrimonial e “$r > g$”	30
Conclusións e ampliacións	32
Bibliografía	34

Índice de táboas, gráficos ou figuras

GRÁFICO 1: “ESTRUCTURA DOS ACTIVOS: VALOR DA RIQUEZA PERSONAL EN FRANCIA 1970-2014 (% DA RENDA NACIONAL)”	11
GRÁFICO 2: “A NATUREZA CAMBIANTE DA RIQUEZA NACIONAL, FRANCIA 1700-2010”	11
GRÁFICO 3: “ÍNDICE DE PREZOS REALES DA VIVENDA, FRANCIA 1870-2010: 1990=100”	12
GRÁFICO 4: “O ÍNDICE BURSÁTIL FRANCÉS: CAC40 HISTÓRICO, ESCALA LOGARÍTMICA, 1949-2009”	13
GRÁFICO 5: “DISTRIBUCIÓN DA RIQUEZA DOS FOGARES FRANCESES, EN PRECIO ACTUAL A FINAL DE AÑO, EN BILLONES, 1980-1990-2000-2010-2012”	14
GRÁFICO 6: “ESTRUCTURA DOS ACTIVOS FINANCIEROS DOS FOGARES FRANCESES 1980-2012”	14
GRÁFICO 7: “ESTRUCTURA DOS ACTIVOS: VALOR DA RIQUEZA PERSONAL EN ESPAÑA 1970-2014 (% DA RENDA NACIONAL)”	15
GRÁFICO 8: “COMPOSICIÓN DO PATRIMONIO PERSOAL BRUTO. ESPAÑA 1900-2014”	16
GRÁFICO 9: “COMPARACIÓN INTERNACIONAL DA TERRA ADICADA Á AGRICULTURA COMA % DA RENDA NACIONAL, 1850-2017”	16
GRÁFICO 10: “PORCENTAXE DO PIB E EMPREGO DO SECTOR AGRÍCOLA NO SÉCULO XX”	17
GRÁFICO 11: RESUMEN CARACTERÍSTICAS CENSAIS DAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS ESPAÑOLAS 1962-1999	17
GRÁFICO 12: “COMPOSICIÓN DOS ACTIVOS FINANCIEROS PERSONAIS EN ESPAÑA, 1900-2010.”	19
GRÁFICO 13: FLUXOS DE INVERSIÓN NETA EN MILES DE EUROS, 1993, 1995, 1997 E 1999: COMPARACIÓN ENTRE ZONAS DE DESTINO	20
GRÁFICO 14: FLUXOS DE IED DE ESPAÑA, RECIBIDOS E EMITIDOS, COMA % DA TOTAL MUNDIAL 1900-2017	20
GRÁFICO 15: “COMPOSICIÓN DOS ACTIVOS DA PROPIEDAD PRIVADA RUSA, COMA PORCENTAXE DA RENDA NACIONAL (1990-2015)”	21
GRÁFICO 16: COMPOSICIÓN DOS ACTIVOS DA PROPIEDAD PRIVADA CHINESA, COMA PORCENTAXE DA RENDA NACIONAL (1978-2015)	23
GRÁFICO 17: TAXAS DE AFORRO DOS FOGARES CHINESES (COMA PORCENTAXE DA RENDA DISPOÑIBLE)	25
GRÁFICO 18: PROPORCIÓN DA PROPIEDAD PRIVADA POLO TIPO DE ACTIVO EN CHINA (1978-2015)	25
GRÁFICO 19: PROPORCIÓN DA RIQUEZA HEREDADA SOBRE A RIQUEZA TOTAL DOS FOGARES PARA OS QUINTILES SEGUNDO E QUINTO SEGÚN PAÍSES DE EUROPA	28
GRÁFICO 20: VALOR DAS HERDANZAS RECIBIDAS RESPECTO DO LUGAR OCUPADO NA DISTRIBUCIÓN DA RIQUEZA EN PAÍSES DA OCDE, NO ANO 2015 OU NO ÚLTIMO ANO DISPOÑIBLE	29
GRÁFICO 21: PARTE DA HERDANZA QUE SE CONSERVA UN ANO DESPOIS DE HERDAR NOS FOGARES SUECOS	29
GRÁFICO 22: COMPARACIÓN ENTRE R E G AO LONGO DA HISTORIA	31

As diferentes configuracións da propiedade e a súa relevancia nas sociedades dende unha perspectiva histórica. A importancia das herdanzas.

Introdución

Para o dereito romano a propiedade non ten unha definición exacta, pero aínda así, a “*proprietas*”, palabra latina da que deriva a que empregamos a día de hoxe, é considerada como a máis plena pertenza persoal das cousas, a completa e libre disposición do patrimonio persoal, sempre limitada polos usufrutos e os dereitos dos outros individuos. É o que comunmente se coñece como riqueza.

Dende que a sociedade desenvolveu a economía máis simple, como é a baseada no mecanismo do troco, comprendeu que a posesión de terreos, animais, ouro, sal ou especias, obxectos cun valor inherente a eles mesmos, ou outorgado de maneira arbitraria, permitíalle realizar tratos ou intercambios de maneira moito máis eficiente e proveitosa para eles mesmos.

O sociólogo portugués Boaventura Da Sousa expón a idea de que calquera relación social gobernada por un intercambio desigual da lugar a poder, polo que a posición vantaxosa nos tratos anteriormente nomeada transformouse na coñecida predominancia de certas persoas ou colectivos na sociedade. Durante séculos a mera posesión deses valiosos elementos foi a diferenza entre pertencer ás clases privilexiadas e ás non-privilexiadas, e en consecuencia o acceso aos respectivos beneficios que lles outorgasen as propiedades ou a súa escala social.

As herdanzas, o segundo punto clave sobre o que orbita o traballo, considerarémolas coma o conxunto de bens, pero tamén de dereitos e obrigacións que, á morte dun individuo, adquire outro individuo, sexa ou non da mesma familia, isto é, o herdeiro. Ao longo da historia presentouse coma a institución da continuidade patrimonial na familia, aínda que non se excluía a posibilidade de que esta transmisión de patrimonio remate fóra do núcleo familiar. Non imos entrar, sen embargo, en quen exerce o dereito á herdanza, xa que as sociedades oscilaron entre sistemas coma a primoxenitura e o morgado, e incluso entre a patri e a matrilinealidade. Estas herdanzas supuxeron, durante moito tempo, a instauración de grandes dinastías de fogares privilexiados.

No desenvolvemento deste Traballo de Fin de Grado o obxectivo a alcanzar é realizar un achegamento á relación das sociedades coa propiedade privada e como esta cambia segundo o país, analizando os países de China e Rusia nun capítulo, e de Francia e España noutro. De igual maneira, o segundo obxectivo, englobado dentro da segunda parte será o de entrever a importancia das herdanzas dentro da propiedade total dos fogares, esta vez a nivel global, e estudar se as transmisións interxeracionais son culpables do aumento da desigualdade económica, tratando posteriormente a reaparición do capitalismo patrimonial.

Esta investigación vaise realizar a través da lectura e recompilación da literatura máis relevante, xunto co uso de bases de datos, para perfilar, e ilustrar con datos as afirmacións obtidas nos informes, artigos de revista, etc.


Planificación

Para a realización do traballo, seguimos un plan de tres etapas correlacionadas entre si, para todos os capítulos do traballo: a primeira etapa é a denominada coma etapa de “investigación” e recompilación de información dende bases de datos, traballos sobre a materia, e estatísticas oficiais do país a estudar. Sobre todo utilízanse os traballos e estudos de Thomas Piketty e o seu equipo, especialistas na desigualdade económica e a desigualdade de ingreso, ademais dos datos dispoñibles na “World Inequality Database”, e nos “World Inequality Reports” dos anos 2018 e 2022. Sen embargo, tamén hai bibliografía citada neste traballo que non consta entre as anteriores, xa que queríamos encontrar información relevante, incluso fóra das publicación normalmente citadas, e chegar así a darlle unha nova perspectiva o tema.

A segunda etapa sería a estruturación e escritura. Partindo de toda a información recadada, tratamos, da maneira máis sinxela posible, de expor todas as conclusións, propias ou xa recollidas en traballos previos, sobre a materia, xustificándoas de maneira correcta. De moita utilidade serán ao longo do traballo os gráficos recuperados de distintas publicacións, ou de elaboración propia a partir de bases de datos, para comprender os resultados mostrados ó longo do traballo.

A terceira e última etapa sería a corrección dos erros e a realización dos últimos retoques e aportacións para facer máis comprensible o traballo, grazas ao apoio e ás sucesivas revisións do titor Pedro Varela Vázquez.

En canto ao número de días empregados en cada parte do traballo imos especificalos no diagrama de Gantt seguinte:



As diferentes configuracións da propiedade e a súa relevancia nas sociedades dende unha perspectiva histórica. A importancia das herdanzas.

Desenvolvemento do traballo

1 Esquemas da propiedade ao longo do século XX

O sistema económico imperante nas sociedades modifica de maneira case absoluta a estrutura da propiedade característica e particular deses países. Nuns, gobernados por unha administración que avoga por un sistema máis capitalista asentado sobre as bases da propiedade privada, estimulouse a acumulación da mesma, e deixáronse libres, salvo excepcións, os prezos e salarios, vendo na economía de mercado a solución aos problemas socio económicos que puidese estar atravesando o país. Noutros países, non obstante, as administracións baseáronse na planificación, na intervención do Estado na economía, controlando desta maneira as variables económicas coma os prezos, os salarios, e a propiedade, subordinándoas aos intereses nacionais.

No canto de estudar o esquema da propiedade privada en determinados países, imos elixir, primeiro a dous países tradicionalmente capitalistas, coas súas notables diferenzas, pero que seguen unhas mesmas pautas no seu esquema de propiedade: España, pola súa relevancia para nós dende o punto de vista académico, e Francia, pola súa relevancia no ámbito destas investigación grazas os esforzos de Piketty e do seu equipo.

A continuación, e como elementos diferenciadores, ou distintos dos países tradicionalmente asociados ao libre mercado dunha maneira ou outra, escolleremos outros dous países, interesantes pola súa historia e relación coa propiedade privada, así coma polo ben documentado dos seus casos nacionais. Rusia e a República Popular China (de agora en adiante China), e máis exactamente os cambios sufridos pola propiedade, con anterioridade case totalmente pública, e a estrutura que adaptou a mesma despois do cambio a unha economía non tan centralizada.

Os devanditos resultados preséntanse en proporción da renda nacional, seguindo a metodoloxía dos estudos e demais literatura xa existente sobre o tema. Primeiro, porque así homoxeneizamos a información. Segundo, porque deste xeito, mellora a interpretabilidade dos gráficos e dos datos, ao comparalos en termos reais e en relación coa renda total dos individuos dentro da mesma administración ou sociedade.

1.1 A estrutura da propiedade en países capitalistas

1.1.1 Francia

Non entraremos de momento nas diferenzas de composición da riqueza entre a chamada clase media e a clase alta, senón que analizaremos a riqueza dun individuo medio ó longo dos 40 anos dos que se ten información. Así e todo, non quere dicir que non sexa importante a diferenciación anterior, xa que se denotan certos patróns a ter en conta cando se fala da estrutura da propiedade das diferentes clases sociais, tanto en Francia como en calquera país. Por exemplo as taxas de aforro, nas cales o patrón observado, tanto en Francia coma en outros países polos economistas, é que dependen dos “ingresos permanentes”, máis elevados canto máis nos movemos cara arriba nos percentís de riqueza acumulada.

Así que, cales eran os elementos que conformaban a riqueza dos fogares dos cidadáns franceses no período dos case vinte anos entre 1997-2014? Para seguir un esquema común na análise dos países, imos diferenciar entre catro tipos de riqueza: depósitos, ou aforros, os activos financeiros (menos os depósitos anteriormente mencionados), os activos comerciais ou empresariais, e a vivenda. Ao examinar o gráfico observamos que tanto a porcentaxe dos activos da vivenda e financeiros aumentou moi substancialmente no total do período. Doutra banda, os activos comerciais, ou relacionados coas unidades de negocio, xunto cos depósitos, reduciron a súa proporción, para, a continuación, aumentala na segunda metade da década dos 2010.

Centrándonos no activo máis importante ó longo do período do cal se posúen datos, a vivenda, medida en débeda neta asociada á mesma, podemos trazar o seu percorrido a través destes 40 anos de maneira clara. Empezando polo ano 1970, as vivendas experimentaron unha subida de valor ata o ano 1980, causado polo fenómeno global de recuperación económica despois da Segunda Guerra Mundial, que en Francia recibiu o nome de “Trente Glorieuses”, tendencia que se revertería ao finalizar esta fase de crecemento pola crise mundial do petróleo que estalou na década de 1973. Recuperou o crecemento a finais de século, esta vez máis pronunciado, ata aproximadamente o ano 2007, cando se estancou debido á crise inmobiliaria. Esta acumulación de riqueza debida aos cambios no mercado inmobiliario e das vivendas foi a causa principal da acumulación total do capital individual, xa que o aumento da relación entre o capital e a renda nacional débese case por completo ao incremento do valor destes activos inmobiliarios.

En canto aos activos financeiros teremos que destacar un dos procesos máis relevantes en canto á economía de mercado no século XX no país galo, que tivo a súa orixe na súa administración central: o continuo proceso de privatización das empresas en mans do estado francés, incluso baixo gobernos de diferente parecer político, que transcorreu durante dez anos. Dende a lei de privatización do 6 de agosto de 1986, ano no cal se instauraba o marco legal para o devandito proceso, ata 2015, o número de empresas administradas dunha maneira ou outra polo estado reduciuse á metade (La Tribune, 2015).

As diferentes configuracións da propiedade e a súa relevancia nas sociedades dende unha perspectiva histórica. A importancia das herdanzas.




Gráfico 1: "Estructura dos activos: Valor da riqueza personal en Francia 1970-2014 (% da renda nacional)".

Fonte: Garbini, Gouppille-Lebre e Piketty, 2017. Datos de wir2018.world/methodology.html




Gráfico 2: "A natureza cambiante da riqueza nacional, Francia 1700-2010".

Fonte: Piketty e Zucman (2015).




Gráfico 3 : “Índice de prezos reais da vivenda, Francia 1870-2010: 1990=100”.

Fonte: INSEE (French National Institute of Statistics and Economic Studies: House Price Index (Existing Homes).

O proceso de des-nacionalización de empresas relevantes coma Renault, ou bancos coma o “Crédit du Nord”, conseguiu que medrara a importancia dos activos financeiros nos fogares franceses, e se observase unha tendencia crecente na súa proporción dentro da estrutura da riqueza dos mesmos fogares. Estas “ondas de privatización” (Maclean, 1997) o que causaron foi a instauración dun forte e estable mercado financeiro no que os produtos ofrecidos foron gañando valor e rendibilidade.

Tamén, e coma consecuencia do extenso proceso privatizador, o valor dos stocks aumentou co tempo, como se pode advertir no Gráfico 3, que representa o valor histórico do CAC40, o índice bolsista francés¹. Este crecemento estivo atravesado por altibaixos, coma os vistos no ano 2003 co estalido da burbulla dot.com ou en 2008 coa burbulla inmobiliaria.

Na seguinte táboa, que expón os datos relativos ós activos financeiros dos fogares franceses na etapa transcorrida entre o ano 1980 ata 2012, vemos, de maneira numérica, a evolución comentada anteriormente. A redución dos denominados “liquid savings”, o efectivo en man, ou calquera tipo de activo asimilable ao efectivo, é dicir, que sexa posuidor dunha grande liquidez, e se estabiliza no tempo ao chegar aos primeiros anos dos 2000. Mentres, os seguros de vida e os fondos de pensións aumentaron a súa importancia de maneira significativa, chegando a supoñer preto do 40% do volume total de activos financeiros, pasando a ser considerados coma produtos masivos de mercado, feito que non fai máis que apoiar a idea dunha poboación

¹ Composto polas corenta empresas cos valores máis representativos de cantas empresas participan na Bolsa de París.

francesa moito máis concienciada e propensa ao aforro, sobre todo as clases máis podentes (Bernard & Berthet, 2016).




Gráfico 4: “O índice bursátil francés: CAC40 histórico, escala logarítmica, 1949-2009”.

Fonte: Le Bris e Hautcoeur (2008).

Os activos comerciais, sostén o economista francés Piketty, (World Inequality Report, 2018) reduciron o seu volume pola diminución da proporción de traballadores por conta propia en relación co número de traballadores en xeral (baixada exposta tamén no traballo de Amossé e Goux no ano 2004). Os traballadores “autónomos”, ou por conta propia, son os que ostentan a maioría dos activos comerciais cando se fala da riqueza dentro dos fogares, xa que son estes activos os que lles permiten desenvolver a súa actividade de maneira correcta. Isto concordaría cos resultados das investigacións de Bernard Zarca, quen publicou “O legado da independencia profesional: un ou máis cargos electos no grupo de irmáns” (L’héritage de l’indépendance professionnelle : un ou plusieurs élus au sein de la fratrie), no ano 1993, do cal se extrae unha conclusión final que axuda a comprender esta tendencia: se observamos os datos en canto a continuidade na familia de traballadores por conta propia, son os fillos de agricultores os que na súa maioría seguen a tradición familiar e os pasos dos pais, non tanto os doutras ramas de produción. A baixada da porcentaxe de traballadores por conta propia en Francia estaría relacionada coa desaparición da poboación adicada ás labores agrícolas no século XX: segundo o INSEE, o número de persoas empregadas en labores agrícolas en 1982 representaba o 7,1% do emprego total en Francia, e en 2018, esta porcentaxe reduciuse a menos dun 2% (AFP, 2020).

As diferentes configuracións da propiedade e a súa relevancia nas sociedades dende unha perspectiva histórica. A importancia das herdanzas.

in billion	1980		1990		2000		2010		2012		1980 2012
	Stocks	%	Stocks	%	Stocks	%	Stocks	%	Stocks	%	
Financial assets	450	31%	1 320	38%	2 540	46%	3 930	35%	4 160	35%	x9.3
Housing wealth	650	45%	1 720	49%	2 620	47%	6 660	60%	7 000	59%	x10.8
Other assets	340	24%	460	13%	410	7%	570	5%	640	5%	x1.9
Gross wealth	1 440		3 490		5 570		11 160		11 800		x8.2
Financial liability	110		390		610		1 300		1 400		x12.5
including long-term loans	90	82%	310	79%	460	75%	1 000	77%	1 100	79%	x12.2
Net wealth	1 330		3 100		4 960		9 860		10 400		x7.8

Data: Insee, Banque de France.

Note: housing wealth is computed as the sum of dwellings (AN.1111) and land carrying buildings and structures (AN.21111) in national accounts. "Long-term loans" refers to loans for more than one year (F.4211 and F.4212). Besides, initial work have be done with data in the "2005" base. With the switch to the "2010 base" in 2014, 2012 is our last available year in accounts in the "2005" base.

Gráfico 5: "Distribución da riqueza dos fogares franceses, en precio actual a final de año, en billones, 1980-1990-2000-2010-2012".

Fonte: INSEE, e Banco de Francia.




Gráfico 6: "Estructura dos activos financeiros dos fogares franceses 1980-2012".

Fonte: Banco de Francia e contas nacionais.

1.1.2 España

Agora ben, os resultados obtidos anteriormente sobre economía francesa do século XX e principios do século XXI imos enfrontalos cos referentes á economía española no mesmo período. O estudo no que imos basear este capítulo é o realizado por Miguel Artola Blanco, xunto con Luis Bauluz e Clara Martínez-Toledano: “La Riqueza en España, 1900-2017: Un país de dos terras” (2021). A primeira diferenza e quizais a máis notábel dende o punto de vista gráfico é que a tendencia do capital-ingreso nacional no territorio español segue unha forma que se asemella a unha J, en vez da U que podemos ver noutros países do vello continente. Isto débese a que esta relación mantívose durante toda a súa historia entre o 400% e o 600%, e despois disparouse no 2007 ata alcanzar o 800%.

Esta peculiaridade, segundo os mesmos autores, débese a tres razóns: o cambio entre a terra agrícola e a terra urbana; o aumento sostido do prezo relativo dos activos, fundamentais para a acumulación de riqueza, apuntando o caso da vivenda coma principal motor (o aumento de 2007 pode deberse case plenamente ao boom inmobiliario); e tamén a dependencia da financiación exterior na década dos 90, moita obtida a través da emisión de débeda das institucións monetarias españolas (Artola, Bauluz, & Martínez-Toledano, 2021, pág. 3).

As análises do esquema da propiedade estudado deixan entrever unha verdade indiscutíbel: a importancia da propiedade da terra dentro do Estado español. Primeiro da terra agrícola, a que tiña por obxecto a explotación agrícola, actividade predominante na maioría do país a principios de século, e despois a terra, ou mellor dito o solo urbano (non tanto as edificacións que ocupan o solo, senón a terra en si, as parcelas). A transición pasa polo cambio de posesión da terra agrícola pola posesión do solo urbano.




Gráfico 7: “Estructura dos activos: Valor da riqueza personal en España 1970-2014 (% da renda nacional)”.

Fonte: Martínez-Toledano (2017). Datos de wir2018.world/methodology.html

As diferentes configuracións da propiedade e a súa relevancia nas sociedades dende unha perspectiva histórica. A importancia das herdanzas.




Gráfico 8: "Composición do patrimonio persoal bruto. España 1900-2014".

Fonte: Artola Blanco, Bauluz, Martínez Toledano, (2018).




Gráfico 9: "Comparación internacional da terra adicada á agricultura coma % da renda nacional, 1850-2017".

Fonte: Artola Blanco, Bauluz, Martínez Toledano, (2021).

De feito este cambio pode verse comparando os gráficos anteriores: non foi ata a década dos 60 cando en España pasa a descender a porcentaxe do PIB provinte das denominadas

As diferentes configuracións da propiedade e a súa relevancia nas sociedades dende unha perspectiva histórica. A importancia das herdanzas.

actividades agrarias. Isto deu paso a unha sociedade máis urbana, momento no que hai unha baixada na porcentaxe de terras agrícolas.




Gráfico 10: "Porcentaxe do PIB e emprego do sector agrícola no século XX".

Fonte: INE.

Concepto	1962		1972		1982		1989		1999	
	Número o superficie en ha	Porcentaje	Número o superficie en ha	Porcentaje	Número o superficie en ha	Porcentaje	Número o superficie en ha	Porcentaje	Número o superficie en ha	Porcentaje
	729	730	731	732	733	734	735	736	737	738
Número de explotaciones censadas	3.007.626		2.571.059		2.375.327		2.284.944		1.790.162	
Superficie censada	44.650.089	88,4	45.702.620	90,5 ¹	44.311.718	87,8 ¹	42.939.214	85,1 ¹	42.180.951	83,5 ¹
Tamaño medio	14		17		19		19		25	
Superficie según régimen de tenencia:										
Propiedad	33.855.371	75,8	33.270.317	72,7	32.088.069	72,4	32.379.591	75,4	31.194.823	74,0
Arrendamiento	5.483.353	12,3	6.333.841	13,9	5.853.920	13,2	5.624.111	13,1	7.907.502	18,7
Aparcería	3.239.199	7,3	1.946.517	4,3	1.484.198	3,3	1.288.565	3,0	859.086	2,0
Régimen comunal	2.082.812	4,6	206.815	0,5
Otros regimenes	2.072.166	4,6	2.069.265	4,5	3.878.767	8,8	3.646.947	8,5	2.219.540	5,3
Parcelación:										
Número de parcelas	38.992.454	100,0	27.447.051	100,0	20.496.813	100,0	18.433.605	100,0	18.012.760	100,0
Promedio de parcelas por explotación	13		11		9		8		10	
Superficie media por parcela	1,14		1,66		2,16		2,32		2,34	

Nota:

¹ Porcentaje sobre la superficie de España.

Gráfico 11: Resumen características censais das explotacións agrarias españolas 1962-1999.

Fonte: INE, Censos Agrarios de España 1962-1999.

Feito que tamén aconteceu no esquema das migracións interiores dende os anos 50, xa presentes antes dese ano, pero que despois da Guerra Civil española aumentaron de maneira significativa, sobre todo a provincias como Madrid ou Barcelona. Estas migracións definiron o

Pillado Rico, Pablo

fenómeno coñecido como o “éxodo rural”, o transvase de poboación entre o campo e as cidades, o que grazas a estatísticas coma a seguinte comprendemos de maneira moito máis clara: en 1900, a porcentaxe de persoas que vivían en cidades maiores de 100.000 habitantes era do 32,4%, mentres que a principios do século XXI, a porcentaxe duplicárase, ata chegar a un 73,6% (BBVA, 2017).

A forma na que a relación riqueza-renda nacional aumentou a finais do século XX e principios do século XXI foi a causa do boom inmobiliario de finais do século XX e os primeiros anos do XXI, ata chegar ao ano 2007 cando os prezos do solo en España baixaron, e a burbulla inmobiliaria estoupou. A subida dos prezos da vivenda podería ser causada polo aumento de poboación urbana, pola subida dos prezos do solo, ou polas condicións monetarias e as condicións case inexistentes de préstamo ou crédito hipotecario por parte dos bancos na época inmediatamente posterior a desaparición da burbulla.

En canto aos activos que forman parte do patrimonio, é dicir, os que representan o valor residual para os accionistas tras a liquidación das débedas e o pasivo, representados no Gráfico 12 polos “equity assets” sofren moito os ciclos económicos, que reducen ou aumentan a propensión dos cidadáns a aforrar ou a manter o capital en efectivo. Vemos que mantén unha proporción constante durante todo o século, aínda que non segue unha tendencia liñalmente consistente, senón que atravesa períodos de aumento, estancamento e diminución do valor total que representa.

Os períodos de aumento estarían encadrados en varias etapas ou fases. Primeiro, o breve período de baixada de valor por mor da Guerra Civil ata a década dos 50, despois experimentou unha subida ata o ano 1973, interrompida pola crise do petróleo, e a súas consecuencias para o valor dos activos, debido á inflación severa que xerou, para recuperarse na década dos 80, co ingreso de España na Comunidade Económica Europea no 1986 e dous anos despois a chegada da “Lei do Mercado de Valores”.

Tamén habería que ter en conta para analizar os activos financeiros os procesos de privatización presentes en España dende o ano 1985, especialmente intensos no espazo entre 1996 e o 2000, procesos dos cales o Estado puido obter unha retribución, segundo a OCDE en 2002, de 38 millóns de dólares (USD), adicados na súa maioría posteriormente a facer fronte á débeda pública posuída polo país (Vergés, 1999).

O cambio tamén se produciu nos activos financeiros. Coma se ve no Gráfico 12: “Composición dos activos financeiros persoais en España, 1900-2010.”, dende inicios do século hasta case a metade do mesmo, a parte máis importante que conformaba os activos financeiros persoais eran os títulos de débeda, consistentes en préstamos das familias ricas a empresas (coma o incipiente ferrocarril), ou ao propio Goberno, (Artola, Bauluz, & Martínez-Toledano, 2021, pág. 15) debido a que os bancos privados e o Banco de España aínda non amosaran a credibilidade necesaria. A partires da década de 1960, cando o papel dos bancos se afianzou, grazas ao Plan de Estabilización, os depósitos bancarios substituíron ás anteriores e convertéronse na principal maneira que tiñan os fogares de canalizar eses aforros.




Gráfico 12: "Composición dos activos financeiros persoais en España, 1900-2010."

Fonte: Artola Blanco, Baluz, Martínez Toledano, 2018.

Tamén queremos destacar a desaparición da financiación da débeda pública por parte do público, que descendeu dende inicios do século ata situarse por debaixo do 10% ao final do mesmo, isto debido ás incapacidades das sucesivas administracións españolas de finais do século XIX para facer fronte ós pagos das mesmas e ós intereses que puidesen ter xerado, o que as convertía en activos de dubidosa confianza (Artola, Bauluz, & Martínez-Toledano, 2021).

A inversión estranxeira e os contactos co exterior en materia de financiación, tanto de España cara fóra e viceversa, non representou unha grande parte ata chegada a fin da autarquía. Anteriormente estaba restrinxida por leis coma a "Lei de Ordenación y Defensa de la Industria Nacional", do 24 de novembro de 1939, que no seu artigo 5 limita a inversión estranxeira nunha cuarta parte do capital social da empresa.

A continuación pódense apreciar dúas etapas inversoras no Gráfico 14. A primeira dende 1960, os anos finais da autarquía, tras o xa mencionado Plan de Estabilización e Liberalización, ata 1990, no que predominaba a inversión recibida dende o exterior. A segunda, dende 1990 ata finais do século, no que as inversións españolas no exterior incluso superaron a inversión recibida, polo efecto da entrada de España na Comunidade Económica Europea (CEE) catro anos antes, converténdose nun exportador neto de capitais.

De feito podemos comprobar a partir de datos do INEX, que as correntes de inversión no período 1993-1999 que tiñan España coma orixe, foron a parar a países que formaban parte da OCDE, ou cara o resto de Europa, ata que chegou o explosivo incremento das inversións en Latinoamérica entre o ano 1995 e 1997, polo seu aumento de notoriedade no circuíto de capitais mundiais e a liberalización das súas economías (R. Agosin & Ffrench-Davis, 1993).

As diferentes configuracións da propiedade e a súa relevancia nas sociedades dende unha perspectiva histórica. A importancia das herdanzas.

Fluxos Inversión Neta en miles de euros	1993	1995	1997	1999
O.C.D.E.	631.070,39	2.987.622,32	3.885.116,69	20.263.047,84
EUROPA	478.798,81	2.619.332,73	3.027.360,64	14.205.177,57
LATINOAMERICA	102.234,29	298.112,55	5.331.000,83	27.691.409,59
ASIA E OCEANIA	-4.434,82	58.841,77	31.922,66	286.590,33
AFRICA	31.627,63	-43.306,18	-31.490,94	233.661,89
PARAISOS FISCALES	192.681,65	-105.954,17	51.176,51	510.998,60
AMERICA NORTE	114.527,72	250.062,80	398.341,50	348.809,67

Gráfico 13: Fluxos de inversión neta en miles de euros, 1993, 1995, 1997 e 1999: comparación entre zonas de destino.

Fonte: INVEX, Estadísticas de Inversión Española en el Exterior, e elaboración propia.




Gráfico 14: Fluxos de IED de España, recibidos e emitidos, coma % da total mundial 1900-2017.

Fonte: INVEX, Estadísticas de Inversión Española en el Exterior.

1.2 A estrutura da propiedade en países ex-comunistas.

1.2.1 Rusia

O esquema de propiedade da Rusia pre-soviética podería resultar moi relevante, polos diferentes modelos de propiedade compartida que xa se daban antes da “época dos soviets”. Neste sentido, o Imperio Ruso era eminentemente agrícola, moi atado a unha economía primaria e moi pouco industrializada, con só centros en determinadas cidades, baseada na explotación dos extensos recursos naturais do país, sobre todo na chamada parte asiática (Goldsmith, 1961). Tamén destacar o papel que tivo o ferrocarril e o seu desenvolvemento na economía daquel momento (Starns, 2012).

En todo caso, por cuestións vinculadas aos obxectivos do traballo e as limitacións de espazo, centraremos a investigación na comparación entre a Rusia soviética, e a Rusia post-soviética, a que se deu paso en decembro de 1991 trala disolución da Unión Soviética. É obvio que isto significou para o pobo ruso o cambio dende a propiedade pública cara a propiedade privada, pero, canto lle afectou en realidade o cambio do réxime comunista a un réxime, se se pode chamar así, capitalista?




Gráfico 15: “Composición dos activos da propiedade privada rusa, coma porcentaxe da renda nacional (1990-2015)”.

Fonte: Novokmet, Piketty, e Zucman (2017).

Para contestar á anterior pregunta imos seguir o Gráfico 15, no que se representa o aumento da propiedade privada, e a súa composición dende a década de 1990.

O activo non financeiro que experimentou o aumento máis notábel foi a vivenda, identificado pola cor azul no Gráfico 15, partindo dende un 85% dela na era soviética de propiedade pública ata a mesma porcentaxe pero de propiedade privada na época post-soviética. O proceso de

converter o sistema precedente no que o Estado tiña o papel central, e mudalo cara un sistema de mercado, aínda que comezou nos anos 90, foi longo (dende que o proceso empezara en 1988, en 1990 so o 0,7% da frota de vivendas estaba privatizada), xa que moitos dos cidadáns rusos non vían necesario, ou incluso non podían comprar unha vivenda, polos elevados custos asociados á posesión da mesma, onde se atopaban incluídos dous impostos: “nalog na imushchestvo”, ou imposto sobre a propiedade, cuxa contía dependía do valor da propiedade, e “nalog na zemlyu”, ou imposto sobre a terra.

Os activos financeiros, aínda que son o segundo activo en canto a importancia no esquema de propiedade, teñen moito menor volume que a outra cara dos activos, os non financeiros. Os activos financeiros neste período a estudar en Rusia están compostos de dous activos diferenciados, que seguiron as súas propias dinámicas. O primeiro compoñente, as contas de aforro, por exemplo, foron moi prexudicadas pola hiperinflación de principios dos anos 90 que sufriu a economía rusa, con taxas de inflación anuais que no seu punto álxido chegaron en 1992 ata o 1500%, aínda que o último e definitivo golpe foi a institución dunha nova divisa que substituíu ao antigo e pouco valioso rublo (RUR) por un novo rublo (RUB), cunha taxa de cambio de 1000:1, no ano 1991 (Novokmet, Piketty, & Zucman, 2017).

O segundo compoñente dos activos financeiros apareceu como consecuencia das políticas de privatización das empresas estatais levado a cabo nos primeiros anos da nova Rusia, que tiñan como obxecto principal a homoxeneización da riqueza e permitir a participación de tódolos cidadáns do estado nas empresas nacionais. Este mecanismo funcionou a través da chamada “privatización por bonos”, que se producía como parte do proceso de privatización das empresas. A pesares das expectativas postas neste tipo de privatización, o mecanismo non levou a un aumento no valor dos activos non financeiros dos fogares rusos: a maior parte dos estudosos botan a culpa á transferibilidade dos bonos, facendo que moitos cidadáns de baixos recursos optasen por vendelos a cambio de diñeiro metálico, aínda que os impulsores deste tipo de privatización responderon as críticas dicindo que: “era unha visión paternalista, que os rusos eran o suficientemente intelixentes coma para que se lles dera a liberdade de elixir o uso do seu cupón coma o consideraran oportuno” (Appel, 1997, páx. 1435).

Incluso despois do auxe da bolsa rusa a finais do século XX e comezos do XXI, pódese observar de maneira clara no Gráfico 15 que o valor dos activos financeiros en mans da poboación rusa non aumentou da maneira que se esperaría. O motivo de porqué ocorreu isto, para Novokmet, Piketty e Zucman (2017), é a existencia dunha cuantiosa e considerable riqueza “off-shore”, é dicir, fóra das fronteiras nacionais, aínda que de difícil medición.

O primeiro factor que puido levar á acumulación desta riqueza dende a desaparición da Unión Soviética foi, simplemente, a súa apertura á economía de mercado e a súa integración no mercado global, onde, beneficiado polas exportacións de petróleo e de gas, Rusia converteuse nunha potencia a nivel mundial no comercio exterior, obtendo un superávit asimilable a un 10% do seu PIB no período de 1993 ata 2015. Tamén habería que ter en consideración os activos que terían os cidadáns rusos fora das súas propias fronteiras, que aumentaron dende a apertura de Rusia a súa integración nos mercados de mercancías e financeiros. O fenómeno causante sería o coñecido como “capital flight”, ou fuga de capitais, que pode deberse por exemplo á falta de confianza dos inversores na economía nacional rusa, ou á debilidade da reputación das institucións rusas (Buiter & Szegvari, 2002).

1.2.2 China

Coma no exemplo ruso, o cambio que experimentou a economía da República Popular China dende unha economía planificada, a grandes trazos definida como comunista, cara unha economía mixta, na que o mercado e a propiedade privada tiñan máis importancia, orixinou unha serie de casuísticas en canto ao esquema da propiedade dos fogares chineses.

Esta apertura foi obra do goberno de Deng Xiaoping, moitas veces considerado coma o “arquitecto da China moderna”, e das sucesivas olas de reformas económicas levadas a cabo dende 1978 para acercar cada vez máis a economía chinesa a unha economía de mercado.

O primeiro feito a destacar é o aumento da propiedade privada dentro da propiedade total (a pública e a privada xuntas), coma pode verse representado no Gráfico 16. O cambio é tan revelador coma ilustrativo do cambio de modelo da economía e a transición, xa que dende 1978 a proporción entre propiedade privada e pública reverteuse case totalmente, pasando de representar un 100% da riqueza nacional neta en 1978, a un 350% no 2000, e a o case 450% en 2014, funcionando coma o principal factor responsable do aumento da riqueza nacional neta. Aínda así, non se pode esquecer a propiedade en mans da administración, que de acordo con Piketty, Li e Zucman (2017), aínda representaba un 250% a finais do século XX.




Gráfico 16: Composición dos activos da propiedade privada chinesa, coma porcentaxe da renda nacional (1978-2015).

Fonte: Piketty, Yang e Zucman (2017).

Grazas ó gráfico podemos ver cales son os activos, financeiros e non financeiros que forman a propiedade privada nacional chinesa. O primeiro no que nos fixaremos é na vivenda (representada pola cor azul), a cal, seguindo o exemplo de Rusia, foi determinante para o aumento da propiedade privada en China: pasou de representar o 60% do ingreso nacional en

1991 a dobrar a súa importancia e alcanzar o 150% no 2000. Este aumento de valor debeuse á reforma da vivenda levada a cabo dende 1978, na que se desenvolveron diferentes políticas para poder solucionar os problemas que arrastraba o sistema de vivenda do país, como a escaseza de vivendas para un país cada vez máis urbanizado (en 1960 a porcentaxe de persoas que residían en zonas urbanas era de case un 54%, e no 2000 era de un 73%). O escaso custo de aluguer debido as subvencións que tiñan os pisos públicos, que facía depender exclusivamente á poboación, de baixos ingresos, das vivendas de propiedade estatal, orixinou á administración un coste extra que lle impedía investir en novas vivendas, o que era un problema grave para a renovación e ampliación do citado parque de vivendas. Unha das bases da reforma tamén incluíu aumentar os prezos dos alugueres das vivendas públicas para favorecer as vivendas de iniciativa privada ou mixta, emitindo “cupóns de axuda á vivenda”.

O segundo punto a tratar cando se fala da composición da riqueza privada en China son os activos financeiros: contas bancarias, accións de empresas, etc. China posúe dende a década dos 80, permanecendo ata a actualidade, un dos porcentaxes máis altos en canto ao aforro nacional, representando unha parte moi importante da propiedade privada no país, dentro dos cales os aforros netos dos fogares ocupan unha ampla proporción, por exemplo, o punto máis baixo foi no 2000, e foi o 35,8% do PIB total do país, porcentaxe que supera con creces o alcanzado polo segundo país, Luxemburgo, un 22% (OECD, 2022). O aumento de aforro nos fogares chineses (representados pola cor malva), seguindo o esquema proposto por Modigliani y Cao, en 2004, produciuse grazas a: primeiro, a descolectivización da economía rural e a supresión das comunas a inicios dos anos 80, e segundo, a instauración da política do fillo único, na mesma época, que alteraron a demografía da poboación e a base do sistema de pensións estatais.

O director do Banco Popular Chinés do ano 2002 ata o 2018, Zhou Xiaochian, no seu discurso na conferencia organizada polo Banco Central de Malasia o 10 de febreiro de 2009, afirma que o paso decisivo e fundamental para que China se convertese no primeiro país do mundo, en canto ao cociente aforros-PIB, foi o momento no que as pensións, o coidado da saúde e demais servicios ofertados polo Estado para garantir o benestar dos cidadáns, deixaron de ser provistas pola administración, facendo á poboación responsable duns gastos maiores ao longo prazo, convertendo o “colchón” de aforros en algo necesario.

Tampouco se poden obviar os aforros en mans das empresas, adicados na súa meirande parte a ser investidos de novo na economía, oscilando entre o 25% e o 35% do PIB de China, e en xeral, a porcentaxe do PIB representada polas inversións tamén é alta en China, sempre manténdose nun 35-45% no período 1990-2003.

De feito, é moi interesante sinalar o diferente proceso que seguiu China para adaptar as súas empresas á economía de mercado, o cal lle permitiu á poboación ter acceso a accións e participacións das empresas previamente supeditadas ás decisións do Goberno central (en verde no Gráfico 16). A reforma das empresas realizouse de maneira sectorial e progresiva, comezando nos anos 80 coa industria, na que non buscaron privatizar as empresas, senón aplicar outras medidas para vencer os obstáculos que enfrontaba o sector, como: estimulación da creación de compañías privadas, sistemas de prezos, etc (Singh, 1996).

Nos anos 90, levouse a cabo a “mercantilización sen privatización” (Bustelo, 1996), avogando pola reestruturación das empresas estatais en compañías privadas nas que o Estado, ao principio, ía manter a totalidade das accións. Aquí tamén entraron as dúas principais Bolsas de valores chinesas: Shangai e Shenzen (Naughton, 2007), nas que entraron todas esas empresas,

grandes e medianas que participaban nesas privatizacións parciais. Este mecanismo de transición gradual foi o que conseguiu unha maior participación do sector privado que o alcanzado por exemplo en Rusia.




Gráfico 17: Taxas de aforro dos fogares chineses (coma porcentaxe da renda dispoñible).

Fonte: IMF Working Paper: China's High Savings: Drivers, Prospects, and Policies, por Zhang et al.




Gráfico 18: Proporción da propiedade privada polo tipo de activo en China (1978-2015).

Fonte: Piketty, Yang e Zucman (2017), ademais da wir2018.wid.world.

2 As herdanzas

A institución da herdanza, e o dereito hereditario, veñen sendo obxecto de reflexión e discusión dentro das principais teorías económicas e sociais. Por exemplo, o teórico ruso Bakunin, na súa obra “Catecismo Revolucionario”, [circa 1866] (Bakunin & Dolgoff, 1972), defende a abolición do dereito da herdanza, debido a que “viola o principio da liberdade”, e atenta contra a igualdade social; outros coma o británico Keynes (“Teoría xeral da ocupación, o interese e o diñeiro”, 1936) expoñen a necesidade dun imposto ás herdanzas co fin de reducir a desigualdade, ineficaz dende o seu punto de vista para o crecemento económico, visión que entraba en conflito coa de Leon Walras (“Études d’économie sociale. Théorie de la répartition de la richesse sociale”, 1986) ou Friedman (“Capitalismo e Liberdade”, 1962, capítulo X), críticos coa instauración de calquera tipo de imposto á sucesión. Recentemente o gran teórico neste tema é o francés Thomas Piketty, ao que levamos referenciando ao longo do traballo pola súa relevancia grazas aos seus estudos sobre a desigualdade, avogando polos impostos sobre as herdanzas.

Parecese que o mundo mudara moito e que as herdanzas, ou gozar de moitas propiedades, non xogasen un papel tan clave no benestar dos individuos, sobre todo nos últimos tempos, pero nada mais lonxe da realidade. Quizais aos mais idealistas quedalles a ilusión de ver un día cumprida a idea do “soño americano”, que James Truslow Adams define no seu libro “The Epic of América” (1931): “ese soño dunha terra (...), con oportunidades para cada un segundo a súa capacidade ou logro. (...) Non é só un soño de automóviles e salarios altos, senón un soño de orde social no que cada home e cada muller poderá alcanzar a máxima estatura da que son innatamente capaces, e ser recoñecido polos demais polo que son, independentemente das circunstancias fortuítas de nacemento ou posición.”.

2.1 A relevancia do capital herdado

Outro tema a tratar que resulta interesante sobre a propiedade, ou o capital, é a desigualdade que deriva dos bens e ingresos dos fogares dun mesmo país, ou dunha mesma sociedade. A desigualdade económica divídese entre a desigualdade de ingresos, a provinte das diferencias entre os salarios da poboación, e a desigualdade de riqueza, provinte das diferencias de acumulacións de capital dos fogares. É nesta última na que nos centraremos por estar directamente relacionada coas transmisións interxeracionais dese capital, e particularmente analizaremos se as transmisións de capital intermortos, comunmente denominadas herdanzas, xogan un papel significativo na citada desigualdade económica, e se funcionan como elementos potenciadores ou se, pola contra, actúan como elementos suavizadores da concentración da riqueza e da desigualdade dende finais do século XX.

De acordo coas investigacións na materia de Davies no 2017, Saez e Zucman no 2016 sobre Estados Unidos, e de Zucman de novo no 2019, podemos dicir que se atopou unha tendencia globalizada cara o aumento da desigualdade en termos de riqueza dende a década dos 80 (Palomino, Marrero, Nolan, & Rodríguez, 2021). Ao mesmo tempo que isto ocorría, a proporción

de herdanzas dentro da riqueza agregada en países europeos como Francia, Reino Unido e Alemaña, e outros como EE.UU. aumentou tamén dende os 80 ata niveis parecidos aos de principio de século, despois dunha baixada dende 1910 nos devanditos países europeos e dende 1930 en EE.UU., en distinta proporción.

Entón, se os fogares máis ricos se benefician das herdanzas dos seus predecesores, moitas veces tamén provintes de fogares adiñeirados, e as herdanzas aumentaron nos últimos anos, cabería esperar unha relación directa entre estas dúas variables.

A cuestión clave neste caso é que estas herdanzas non terían o efecto que cabería esperar. Wolff e Gittleman (2011), concluíron que as herdanzas e as transferencias interxeracionais de capital non son tan desequilibradoras como pode parecer, é dicir, se ben é certo e innegábel, que as transferencias de riqueza que teñen os máis ricos coma obxectivo son mais cuantiosas que as recibidas polos cuartís mais pequenos da distribución da riqueza (Palomino, Marrero, Nolan, & Rodríguez, 2021, pág. 18) non hai que deixar de ter en conta a propia riqueza dos que obteñen a herdanza, xa que a pesar da contía, as transferencias de riqueza conforman unha menor porcentaxe da riqueza acumulada dos grupos superiores da distribución da riqueza (Bönke, von Werder, & Westermeier, 2016).

A citada evidencia súmase ao análise comparativo entre os fogares que recibiron herdanzas e os que non recibiron ningunha grazas á “Household Finance and Consumption Survey (HFCS)”, no que se observou que os fogares que recibían algunha herdanza tiñan unha riqueza neta mais elevada que os que non. A diferenza chega a uns 100.000 euros nos percentís do medio da riqueza neta, os identificados coma clase media, aumentando ata un monto superior o millón de euros no percentil 99. Os valores son realmente relevantes, xa que a riqueza neta dos fogares herdeiros é duns 210.000 euros na mediana e duns 3.000.000 de euros no percentil 99 (Fessler & Schürz, 2015).

Neste caso pode verse o comentado no parágrafo anterior, facendo uso da máis simple aritmética: se na mediana, a riqueza neta dos fogares é sobre 200.000, recibir unha herdanza de 100.000 supónlle o 50% da súa riqueza acumulada, mentres que se un individuo recibe no percentil 99 a cantidade dun millón de euros tan “só” suporía un terzo da súa riqueza acumulada. Comprendemos entón o ata agora ilustrado, as herdanzas son máis relevantes para os fogares encadrados dentro dos percentís preto da mediana e por debaixo dela, que para os fogares situados nos percentís máis altos.


As herdanzas orixinan un fenómeno curioso, xa que aínda que reduzan a desigualdade asociada á riqueza, aumentan a dispersión absoluta. Por exemplo en Suecia (Elinder, Erixson, & Waldenström, 2016), analizando os datos dos herdeiros de principios da década dos 2000, observouse que o coeficiente de Gini, unha medida de desigualdade empregada para medir a distribución desigual da riqueza, diminuíu un 6%, un efecto relativamente grande. Ao mesmo tempo tamén podemos observar o efecto na dispersión absoluta.

Pero, que quere dicir isto? Pois isto reforza a idea que levamos comentando dende o principio do capítulo, que a pesar de que as herdanzas recibidas polos individuos pertencentes ao percentil 75 son máis cuantiosas que as recibidas polos individuos do percentil 25, representan unha menor importancia económica para eles, posto que a porcentaxe que representan no total do capital acumulado por eles é mais reducido en comparación cos individuos de menor poder adquisitivo.

Interesante é o caso de España, que presenta un comportamento distinto ao visto no resto de países dentro do marco da OCDE. Segundo os datos da “OCDE Wealth Distribution Database”, representados no Gráfico 19, o segundo quintil (as chamadas clases medias) son as que teñen un maior cociente de riqueza herdada fronte á riqueza total que o quinto quintil, as clases altas, cunha ampla diferenza, moi abrupta en comparación cos demais países.

Figure 1.19. Ratio of inherited wealth to net wealth, second and fifth wealth quintiles

2015 or latest available year



Note: Data were not available for Finland and the Netherlands. Data for Poland removed due to data issues. This graph shows the ratio of inherited wealth to net wealth for households in second and fifth quintiles, as households in the first quintile had negative wealth in several countries.

Source: OECD Wealth Distribution Database, oe.cd/wealth.

Gráfico 19: Proporción da riqueza herdada sobre a riqueza total dos fogares para os quintiles segundo e quinto según países de Europa.

Fonte: Informe sobre a fiscalidade das herdanzas nos países da OCDE.

Grazas á mesma base de datos temos o Gráfico 20 que permite observar o defendido anteriormente, os quintos máis altos reciben maior volume de herdanzas, pero estas supoñen un menor aporte a súa riqueza neta que os anteriores.

Esta idea vese reflexada por exemplo, nos patróns de consumo dos distintos fogares. Nos fogares pertencentes aos percentís máis pobres ou máis baixos na distribución da sociedade, o capital ou riqueza herdada haberá de consumirse máis rápido que nos fogares máis ricos, moito máis propensos a gardala e aforrala xa que en moitos casos non as necesitan. Isto vese no Gráfico 21, que compara os decís do ano anterior (T-1) a recibir a herdanza, e a porcentaxe da herdanza que queda o ano seguinte (T+1) de tela recibido.

As diferentes configuracións da propiedade e a súa relevancia nas sociedades dende unha perspectiva histórica. A importancia das herdanzas.

Figure 1.18. Value of inheritances received across the wealth distribution

2015 or latest available year




Gráfico 20: Valor das herdanzas recibidas respecto do lugar ocupado na distribución da riqueza en países da OCDE, no ano 2015 ou no último ano dispoñible..

Fonte: Informe sobre a fiscalidade das herdanzas nos países da OCDE.




Gráfico 21: Parte da herdanza que se conserva un ano despois de herdar nos fogares suecos.

Datos: Elinder, Erixson e Wadelnström (2016).

2.2 O capitalismo patrimonial e “ $r > g$ ”.

O capitalismo patrimonial, ou rendista, é a corrente de pensamento económica baseada na crenza de que as clases economicamente altas obteñen o seu capital, os seus patrimonios a través das herdanzas, doazóns, e demais canais de transmisión de capitais, en vez de ser produto dos seus “esforzos”, a través dos ingresos obtidos no traballo ou investimentos, etc. Irremediabilmente esta situación desencadeará nunha concentración de poder económico en mans de só uns cuantos fogares ou individuos, interrelacionados.

Este asunto é amplamente tratado no libro “Capital in the Twenty-First Century”, (2014), por Piketty, que advirte do regreso de esta situación, moi presente nas sociedades antes da entrada do século XX, nas que as opcións de acceder a esas clases privilexiadas tiña máis que ver coas transmisión interxeracionais de capitais que co traballo propio. Esta situación reverteuse na “Idade dourada do capitalismo”, para recuperarse despois do ano 2012, motivo polo cal esta cuestión é importante nos últimos anos.

Piketty relaciona este capitalismo patrimonial coa fórmula: $r > g$. Que quere dicir esta ecuación en aparencia simple? Está composta de dúas variables: a “ g ” é representativa da taxa de crecemento da economía, mentres que a “ r ” representaría a taxa media de rendemento do capital, é dicir, a rendibilidade dos activos que acumula un individuo ou fogar. Cando se cumpre a desigualdade, os rendementos obtidos das herdanzas, e polo tanto o aumento de capital xerado a partir delas é maior que os rendementos obtidos polo traballo e os ingresos no momento da persoa. Isto traduciríase na aparición de dinastías de fogares ricos, que acumulan cada vez máis capital fronte as clases medias ou baixas.

A taxa de rendemento do capital operou, coma está recollido no Gráfico 22, sempre por encima do crecemento da economía mundial ata a baixada durante o século XX, para despois de crecer os dous, manténdose “ g ” maior que “ r ”. No futuro, as predicións realizadas por Piketty e mais o seu equipo elevan o valor da taxa de rendemento do capital de novo por riba da taxa de crecemento económico, retornando á situación vista nos séculos previos ao XX.

O propio Piketty explica co exemplo de Francia nos “Trente glorieuses”, xa nomeados anteriormente, a dinámica desa fórmula: en países nos que o crecemento da economía é alto, a riqueza acumulada por un mesmo fogar, ou ben a través de herdanzas ou doacións, non importa demasiado. A riqueza verdadeiramente importante é aquela provinte dos ingresos actuais, coma o salario. Nos países con baixo crecemento, como na mesma Francia no século XIX e dende a década dos 70, a lóxica invértese: a riqueza acumulada ten máis relevancia que a que ten orixe na actualidade, favorecendo desta maneira aos rendistas fronte aos traballadores, e aumentando o corpo das herdanzas en relación coa renda nacional do país neses momentos. Isto vese no Gráfico 22, no que se aprecia como as herdanzas perderon importancia nunha etapa de gran dinamismo económico despois da Segunda Guerra Mundial, como foi a “idade de oro do capitalismo”, ata a segunda metade da década dos 70 coa crise do petróleo.

Isto tradúcese nun conflito entre os “rendistas”, ou persoas que viven das rendas xeradas das riquezas obtidas previamente, e os “traballadores”, que xeran riqueza a través das súas entradas de capital xeradas no momento actual. Esta dinámica ten unha gran incidencia na desigualdade: por moito que o traballador traballe, o rendemento obtido dos ingresos actuais vai ser inferior do obtido do capital acumulado ata o momento polos rendistas.

De todas maneiras, Piketty, consciente das limitacións da fórmula, define $r > g$ coma una desigualdade, por ser tremendamente influenciada por aspectos como a demografía, xa que unha poboación en crecemento aumenta g ; o grado de desenvolvemento da economía nacional, como por exemplo, China ten máis espazo para crecer que EE.UU. ou outros países europeos, por estar en pleno crecemento; e incluso a inflación, como a vista despois da Segunda Guerra Mundial, deteriorando a “ r ” e as posición acreedoras. Tamén a aparición de sistemas tributarios progresivos suavizaron esta desigualdade entre r e g , sobre todo no período entre os anos 50 e os 80 (Piketty, 2019).




Gráfico 22: Comparación entre r e g ao longo da historia.

Fonte: Piketty (2013)

Conclusiones e ampliacións

No caso de Francia e España, identificados como capitalistas, ou que posúen unha tradición máis capitalista que Rusia e China, o volume do capital dos individuos recae case na totalidade na vivenda, xunto cos activos financeiros, mentres que os depósitos bancarios e os activos comerciais ocupan unha proporción menor.

En ámbolos dous casos, a acumulación total do capital individual débese case na súa totalidade á acumulación de riqueza debida aos cambios no mercado inmobiliario, e ao incremento do valor deses activos. Poderíamos facer referencia a procesos exclusivos dun estado ou outro, por exemplo á privatización de empresas galas, que aumentou a proporción dos activos financeiros nos fogares franceses, e á desaparición dos autónomos, coa conseguinte redución dos activos comerciais. En España, destaca a importancia da terra e a vivenda, máis que en Francia, e o cambio de solo agrícola a urbano, así como a redución da financiación de débeda no século XX, a favor dos depósitos bancarios cando os bancos mostraron credibilidade; tamén é salientable o cambio de posición en canto ás inversións no exterior e á aparición de “off-shore assets” no portafolios dos fogares españois.

Rusia e China tiveron un cambio moi abrupto cara á acumulación de capital dende a ruptura co sistema comunista, amosando unha tendencia cara ao aumento do capital individual. Tamén se apoiaron moito na vivenda, que en ámbolos dous casos representa a metade do capital acumulado, sendo a outra metade os activos de índole financeira.

Destaca en Rusia a riqueza en mans de rusos fóra das súas fronteiras, por mor da apertura do país, aínda que tamén polo fenómeno do “capital flight”, a saída de capitais pola desconfianza na economía nacional á hora de investir. Tamén a escasa relevancia que tivo a privatización por bonos, en canto ao acceso equitativo a activos financeiros apoiados polas novas empresas privadas rusas.

No caso chinés atopamos unha gran importancia dentro dos activos financeiros das contas de aforro, moito máis que a súa contraparte rusa, así como das accións de empresas domésticas, debido ao proceso de privatización que seguiron, moito máis exitoso, de novo, que o ruso.

En canto ás herdanzas, a recompilación de datos lévanos a afirmar que estas non teñen un efecto tan desequilibrador na distribución de capital. Se ben os fogares que se atopan nos quintís máis altos da distribución obteñen herdanzas máis cuantiosas que os seus opostos, istos representan unha menor porcentaxe do capital neto xa acumulado. Supoñen moito máis as herdanzas para os fogares de escasos recursos, coma se pode ver coas estatísticas de consumo das herdanzas, canto máis baixo o decíl, maior uso fan de esa transmisión de capital.

Por mor do crecemento na desigualdade de acceso á propiedade, a desigualdade económica aumentou. Isto, xunto cos prognósticos feitos por Piketty e o seu equipo sobre o comportante da taxa de crecemento da economía global e a taxa de rendemento do capital, invita a reflexionar sobre a volta do capitalismo patrimonial, co conseguinte efecto na acumulación de riqueza entre xeracións, e os seus efectos na desigualdade.

As diferentes configuracións da propiedade e a súa relevancia nas sociedades dende unha perspectiva histórica. A importancia das herdanzas.

As posibles ampliacións a este traballo pasarían polo análise máis en detalle do impacto dos diferentes tipos de sistemas impositivos no referente ás transmisións interxeracionais, e o efecto que teñen no acceso das clases baixas á propiedade, e tamén sobre a acumulación de capitais cada vez máis presente. Xunto con isto, sería interesante observar a composición das propiedades segundo o lugar que ocupen os fogares na distribución, e os activos que forman as herdanzas obtidas, ou transmitidas, segundo a clase económica.

Bibliografía

- Adams, J. (1931). *The Epic Of America*. Little, Brown, and Company.
- AFP. (1 de Diciembre de 2020). France : le nombre d'agriculteurs a été divisé par 4 en 40 ans. *La Tribune: Partageons L'Économie*.
- Alvaredo, F., Chancel, L., Piketty, T., Saez, E., & Zucman, G. (2018). *World Inequality Report 2018*. World Inequality Lab. Obtido de <https://wir2018.wid.world/files/download/wir2018-full-report-english.pdf>
- Amossé, T., & Goux, D. (2009). Entries and Exits from Self-Employment in France over the Last Twenty Years. En R. Arum, & M. W., *The Reemergence of SSelf-Employment: A Comparative Study of Self-Employment Dynamics and Social Inequality* (pp. 75-103). Princeton University Press.
- Appel, H. (1997). Voucher Privatisation in Russia: Structural Consequences and Mass Response in the. *Europe-Asia Studies*, 49(8), 1433-1449.
- Appel, H. (1997). Voucher Privatisation in Russia: Structural Consequences and Mass Response in the Second Period of Reform. *Europe-Asia Studies*, 49(8), 1433-1449. Obtido de : <https://www.jstor.org/stable/154016>
- Artola, M., Bauluz, L., & Martínez-Toledano, C. (2021). Wealth in Spain 1990-2017. A country of two lands. *The Economic Journal*(131 (633)), 129-155.
- Attwood, L. (2012). Privatisation of Housing in Post-Soviet Russia: A new understanding of home? *Europe-Asia Studies*, 64(5), 903-928. doi:10.1080/09668136.2012.681243
- Azpitarte, F. (2008). The Household Wealth Distribution in Spain: The Role of Housing and Financial Wealth. *ECINEQ WP*(83).
- Bakunin, M., & Dolgoff, S. (1972). *Bakunin on Anarchy*. (S. Dolgoff, Ed., & S. Dolgoff, Trad.) Afdo Books.
- BBVA. (2017). *La población en España: 1900-2009*. Fundación BBVA e IVIE.
- Bernard, J. B., & Berthet, L. (2016). French Households Financial Wealth: a Macro and Micro Overview of Changes in the last 20 Years? *Revue d'économie politique*, 126(5), 721-787.
- Berne, M., & Pogorel, G. (2004). Privatisation Experiences in France. *CESifo DICE Report*, 3, 33-40.

- Bönke, T., von Werder, M., & Westermeier, C. (2016). *How inheritances shape wealth distributions: An international comparison*. Free Univeristy Berlin, School of Business & Economics. Diskussionsbeiträge, No. 2016/26.
- Bourdieu, J., Kesztenbaum, L., & Postel-Vinay, G. (2011). Thrifty Pensioners: Pensions and Savings in France at the Turn of the Twentieth Century. *The Journal of Economic History*, 71(2), 318-412.
- Bozec, G., & Mays, C. (2000). The Pension Reform Process in France. *Innovation: The European Journal of Social Science Research*, 13(4), 373-388.
- Buiter, W., & Szegvari, I. (2002). *Capital flight and capital outflows from Russia: symptom, cause and cure*. European Bank for Reconstruction and Development, Office of the Chief Economist, Working Papers.
- Bustelo, P. (1996). "Progreso sin privatización en China: la reforma de las empresas estatales en los años noventa". *Revista de Estudios Asiáticos*, 117-127.
- Cabeza, L., & Gómez, S. (2007). The Spanish Privatisation Process: implications on the performance of divested firms. *International Review of Financial Analysis*, 16(4), 390-409.
- Chamorro, A. I. (2008). El proceso de reforma económica de China. *Pecunia*, 7, 257-284.
- Commission des Participations et des Transferts. (2016). *The Holdings and Transfers Commission and Privatisations in France*. Paris: Commission des Participations et des Transferts.
- Cristadoro, R., & Marconi, D. (2012). Household savings in China. *Journal of Chinese Economic and Business Studies*, 10(3), 275-299. doi: 10.1080/14765284.2012.699702
- D'Ors Lois, J. (1986). *Derecho Privado Romano* (Sexta ed.). Pamplona, España: Ediciones Universidad de Navarra, S.A. (UNESA).
- Elinder, M., Erixson, O., & Waldenström, D. (2016). *Inheritance and Wealth Inequality: Evidence from Population Registers*. CEPR Discussion Paper N° 11191.
- Facundo, A., Chancel, L., Piketty, T., Saez, E., & Zucman, G. (2018). *World Inequality Report*. World Inequality Lab.
- Fessler, P., & Schürz, M. (2015). *Private wealth across European countries: the role of income, inheritance and the welfare state*. Banco Central Europeo. Working Paper Series, N°1847.
- Fessler, P., & Schürz, M. (2018). Private Wealth Across European Countries: The Role of Income, Inheritance and the Welfare State. *Journal of Human Development and Capabilities*, 4(19), 521-549.
- Friedman, M., & Friedman, R. D. (2022). *Capitalismo y Libertad*. Ediciones Deusto.
- Goldsmith, R. W. (1961). The Economic Growth of Tsarist Russia 1860-1913. *Economic Development and Cultural Change*, 9(3), 441-475.

- Kapeller, J. (2014). *The return of the rentier. Review on Thomas Piketty's "Capital in the 21st Century"*.
- Keynes, J. (1943). *Teoría general de la ocupación, el interés y el dinero* (Vol. 1). (E. Hornedo, Trad.) Fondo de Cultura Económica.
- Kujis, L. (2005). *Investment and Saving in China*. The World Bank Office , East Asia Pacific Poverty Reduction and Economic Management (EASPR) . World Bank Policy Research Working Paper 3633.
- La Tribune. (02 de Abril de 2015). Le nombre de sociétés contrôlées par l'Etat a été divisé par 2 en 30 ans. *La Tribune Partageons L'Économie*.
- Le Bris, D., & Hautcoeur, P.-C. (2008). *A challenge to triumphant optimists? A blue chips index for the Paris Stock-Exchange (1854-2007)*. Paris-Jourdan Sciences Economiques, Laboratoire D'Économie Appliquée - INRA.
- Longmei Zhang, R. B. (2018). *China's High Savings: Drivers, Prospects, and Policies*. International Monetary Fund . IMF Working Papers. .
- Maclean, M. (1997). Privatisation, dirigisme and the global economy: An end to French exceptionalism? *Modern & Contemporary France*, 5(2), 215-227. doi:10.1080/09639489708456371
- Mankiw, N. G. (2015). Yes, $r > g$. So What? *American Economic Review*, 105(5), 43-47.
- Martínez Toledano, C. (2017). Housing Bubbles, Offshore Assets and Wealth Inequality in Spain. *WID.world WORKING PAPER SERIES*(2017/19).
- Milanovic, B. (2013). *The return of "patrimonial capitalism": review of Thomas Piketty's Capital in the 21st century*. World Bank. MPRA Paper No. 52384.
- Naughton, B. (2007). Market Transition: Strategy and Process. En B. Naughton, *The Chinese Economy: Transitions and Growth* (pp. 85-110). MIT Press. Obtido de <http://proz-x.com/onlinelibrary/files/original/c7c955f8858b402e55a2f452e58fb270.pdf>
- Nekoei, A., & Seim, D. (2021). *How Do Inheritances Shape Wealth Inequality? Theory and Evidence from Sweden**. CESifo Working Paper Nº 9017.
- Novokmet, F. T. (2018). *"From Communism to Capitalism: Private versus Public Property and Inequality in China and Russia."*. AEA Papers and Proceedings.
- Novokmet, F., Piketty, T., & Zucman, G. (2017). *From Soviets to Oligarchs: Inequality and Property in Russia 1905-2016*. World Wealth & Income DATABASE. WID.world WORKING PAPER SERIES.
- OCDE. (2021). *Inheritance Taxation in OECD Countries*. OCDE, OECD Tax Policy Studies, Nº28. Paris: OECD Publishing.
- Odling-Smee, J. (2004). *The IMF and Russia in the 1990s*. International Monetary Fund (IMF). IMF Working Paper. Obtido de <https://www.imf.org/external/pubs/ft/wp/2004/wp04155.pdf>
- OECD. (2022). Saving rate (indicator). doi:10.1787/ff2e64d4-en

- Piketty, T. (2010). *On the long-run evolution of inheritance: France 1820-2050*. Paris School of Economics. Paris-Jourdan Sciences Économiques.
- Piketty, T. (2019). *Capital et Idéologie*. Éditions du Seuil.
- R. Agosin, M., & Ffrench-Davis, R. (1993). La liberalización comercial en América Latina. *Revista Cepal*, 41-62.
- Raiklin, E. (2005). Pre-Soviet, Soviet and post-Soviet models of economic growth and development. *International Journal of Social Economics*, 32(11), 968-1010. doi:10.1108/03068290510623807
- Singh, A. (1996). "El Plan, el mercado y la transición gradual en China". *Revista de Estudios Asiáticos*, 55-80.
- Starns, K. E. (2012). *The Russian Railways and Imperial Intersections in the Russian Empire*. University of Washington.
- Su, Z., & Taltavull de La Paz, P. (2019). International Capital Movement towards the Spanish Real Estate Sector. *Journal of Property Investment & Finance*.
- Vergés, J. (1999). Balance de las políticas de privatización de empresas públicas en España (1985-1999). *Economía Industrial*(330), 121-140.
- Victor, S. N. (1997). Urban Housing Reform in China. *Habitat Intl.*, 21(2), 199-212.
- Walras, L. (1896). *Études d'économie sociale : (Théorie de la répartition de la richesse sociale)* (Vol. 1). (R. F., & P. F., Eds.)
- Wolff, E. N., & Gittleman, M. (2011). *Inheritances and the Distribution of Wealth Or Whatever Happened to the Great Inheritance Boom?* U.S. Bureau of Labor Statistics, U.S. Department of Labor. BLS Working Papers.
- Xiangming Chen, X. G. (Mayo de 1993). China's Urban Housing Development in the Shift from Redistribution to Decentralization. *Social Problems*, 40(2), 266-283. Obtido de <https://www.jstor.org/stable/3096926>
- Xiaochuan, D. Z. (2009). Some observations and analyses on savings ratio. *High Level Conference en el Banco Central de Malasia*. Kuala Lumpur (Malasia).
- Zarca, B. (1993). L'héritage de l'indépendance professionnelle : un ou plusieurs élus au sein de la fratrie. *Population*, 48(4), 1015-1042.